

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4187 *Lei orgánica 2/2013, do 19 de abril, pola que se autoriza a ratificación por España do Protocolo sobre as preocupacións do pobo irlandés con respecto ao Tratado de Lisboa, feito en Bruxelas o 13 de xuño de 2012.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tratado de Lisboa, asinado na capital portuguesa o 13 de decembro de 2007, requiría para a súa entrada en vigor que este fose ratificado por cada un dos Estados membros da Unión Europea (UE) de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

No caso da República de Irlanda (Irlanda), a súa Constitución exixía a celebración dun referendo como paso previo á ratificación. O resultado negativo desta consulta, o 12 de xuño de 2008, poñía en risco o proceso de construción europea.

En vista das preocupacións expresadas polo Taoiseach (primeiro ministro de Irlanda) en relación con certos aspectos tales como o dereito á vida, a educación, a familia, a política fiscal e a política común de seguridade e defensa da UE, o Consello Europeo na sesión dos días 11 e 12 de decembro de 2008 acordou buscar unha saída institucional que tivese en conta os citados intereses do pobo irlandés.

Posteriormente, o Consello Europeo do 18 e 19 de xuño de 2009 recolleu no anexo I a Decisión dos xefes de Estado ou de Goberno dos 27 Estados membros da UE, relativa ás preocupacións do pobo irlandés sobre o Tratado de Lisboa. Polo que respecta á referida decisión, os xefes de Estado ou de Goberno declararon que esta:

- Outorga a garantía xurídica de que as preocupacións do pobo irlandés non se verán afectadas pola entrada en vigor do Tratado de Lisboa;
- establece a compatibilidade do seu contido co Tratado de Lisboa e se asegura de que, por tanto, non se requirirá unha nova ratificación do dito tratado;
- é xuridicamente vinculante e producirá efecto na data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa;
- enunciarán cando se celebre o próximo tratado de adhesión as disposicións da Decisión adxunta nun protocolo que se anexará ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Unha vez producida a entrada en vigor do Tratado de Lisboa o 1 de decembro de 2009, o Goberno irlandés, de conformidade co artigo 48 do Tratado da Unión Europea (TUE), enviou o 20 de xullo de 2011 unha carta ao Consello coa proposta de proxecto de protocolo sobre as preocupacións do pobo irlandés sobre o Tratado de Lisboa.

Tras a sinatura en Bruxelas o 9 de decembro de 2011 do Tratado de adhesión da República de Croacia á Unión Europea, dábanse as condicións para incluír as disposicións da Decisión referentes ás preocupacións do pobo irlandés nun protocolo.

É por isto que os 27 Estados membros da Unión Europea procederon o 13 de xuño de 2012 en Bruxelas á sinatura do Protocolo sobre as preocupacións do pobo irlandés con respecto ao Tratado de Lisboa.

Artigo único. *Autorización da ratificación.*

Autorízase a ratificación por España do Protocolo sobre as preocupacións do pobo irlandés con respecto ao Tratado de Lisboa, feito en Bruxelas o 13 de xuño de 2012.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O artigo 149.1.3.^a da Constitución atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as relacións internacionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 19 de abril de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

PROTOCOLO SOBRE AS PREOCUPACIÓN DO POBO IRLANDÉS CON RESPECTO AO TRATADO DE LISBOA, FEITO EN BRUXELAS O 13 DE XUÑO DE 2012

O Reino de Bélxica,
A República de Bulgaria,
A República Checa,
O Reino de Dinamarca,
A República Federal de Alemaña,
A República de Estonia,
Irlanda,
A República Helénica,
O Reino de España,
A República Francesa,
A República Italiana,
A República de Chipre,
A República de Letonia,
A República de Lituania,
O Gran Ducado de Luxemburgo,
Hungría,
Malta,
O Reino dos Países Baixos,
A República de Austria,
A República de Polonia,
A República Portuguesa,
Romanía,
A República de Eslovenia,
A República Eslovaca,
A República de Finlandia,
O Reino de Suecia,
O Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte,

No sucesivo, «as altas partes contratantes»,

Recordando a Decisión adoptada polos xefes de Estado ou de Goberno dos 27 Estados membros da Unión Europea, reunidos no Consello Europeo os días 18 e 19 de xuño de 2009, relativa ás preocupacións do pobo irlandés con respecto ao Tratado de Lisboa;

Recordando a declaración dos xefes de Estado ou de Goberno, reunidos no Consello Europeo os días 18 e 19 de xuño de 2009, segundo a cal no momento da celebración do próximo tratado de adhesión enunciarían as disposicións da dita decisión nun protocolo anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de funcionamento da Unión Europea, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais;

Tomando nota da sinatura, polas altas partes contratantes, do Tratado entre as altas partes contratantes e a República de Croacia relativo á adhesión da República de Croacia á Unión Europea;

Acordaron as seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de funcionamento da Unión Europea:

TÍTULO I

Dereito á vida, familia e educación

ARTIGO 1

Ningunha disposición do Tratado de Lisboa que atribúa estatuto xurídico á Carta dos dereitos fundamentais, nin as disposicións do dito tratado no ámbito da liberdade,

seguridade e xustiza, afectan de ningunha maneira o alcance e a aplicabilidade da protección do dereito á vida, recollida nos artigos 40.3.1, 40.3.2 e 40.3.3 da Constitución de Irlanda, a protección da familia, recollida no artigo 41, ou a protección dos dereitos en materia de educación, recollida nos artigos 42, 44.2.4 e 44.2.5 da dita Constitución.

TÍTULO II

Fiscalidade

ARTIGO 2

Ningunha disposición do Tratado de Lisboa introduce ningún cambio, para ningún Estado membro, en relación co alcance ou o exercicio da competencia da Unión Europea en materia de fiscalidade.

TÍTULO III

Seguridade e defensa

ARTIGO 3

A acción da Unión na escena internacional baséase nos principios da democracia, o Estado de dereito, a universalidade e indivisibilidade dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, o respecto da dignidade humana, os principios de igualdade e solidariedade e o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas e do dereito internacional.

A política común de seguridade e defensa da Unión forma parte integrante da política exterior e de seguridade común e ofrece á Unión unha capacidade operativa para emprender misións fóra da Unión que teñan como obxectivo o mantemento da paz, a prevención de conflitos e o fortalecemento da seguridade internacional, conforme os principios da Carta das Nacións Unidas.

Isto non afecta a política de defensa e de seguridade dos Estados membros, Irlanda incluída, nin as súas obrigacións respectivas.

O Tratado de Lisboa non afecta nin vai en detrimento da política tradicional de neutralidade militar de Irlanda.

Corresponderá aos Estados membros –incluída Irlanda, nun espírito de solidariedade e sen prexuízo da súa política tradicional de neutralidade militar– determinar o tipo de axuda ou asistencia que se deba facilitar a un Estado membro que sexa obxecto dun atentado terrorista ou vítima dun acto de agresión armada no seu territorio.

Calquera decisión de construír unha defensa común requirirá unha decisión unánime do Consello Europeo. Corresponderá aos Estados membros, incluída Irlanda, decidir, de acordo co disposto no Tratado de Lisboa e coas súas respectivas normas constitucionais, se adoptan ou non unha defensa común.

Ningunha disposición contida no presente título afecta ou vai en detrimento da posición ou da política de calquera outro Estado membro en materia de defensa e de seguridade.

Corresponde, así mesmo, a cada Estado membro decidir, de conformidade co disposto no Tratado de Lisboa e en calquera norma xurídica interna, se participa nalgunha forma de cooperación estruturada permanente ou na Axencia Europea de Defensa.

O Tratado de Lisboa non prevé a creación dun exército europeo nin o recrutamento para ningunha formación militar.

O Tratado non afecta o dereito de Irlanda nin de ningún outro Estado membro de determinar o tipo e envergadura do seu gasto de defensa e seguridade nin o carácter das súas capacidades de defensa.

Corresponderá a Irlanda ou a calquera outro Estado membro decidir, de conformidade con calquera norma xurídica interna, se participa ou non nalgunha operación militar.

TÍTULO IV

Disposicións derradeiras

ARTIGO 4

O presente protocolo estará aberto para a sinatura polas altas partes contratantes ata o 30 de xuño de 2012.

O presente protocolo será ratificado polas altas partes contratantes, así como pola República de Croacia se non tiver entrado en vigor como máis tarde na data de adhesión da República de Croacia á Unión Europea, de conformidade coas respectivas normas constitucionais. Os instrumentos de ratificación serán depositados ante o Goberno da República Italiana.

O presente protocolo entrará en vigor, se é posible, o 30 de xuño de 2013, sempre que todos os instrumentos de ratificación fosen depositados, ou, no seu defecto, o primeiro día do mes seguinte ao depósito do último instrumento de ratificación polo correspondente Estado membro.

ARTIGO 5

O presente protocolo, redactado nun exemplar único nas linguas alemá, búlgara, checa, danesa, eslovaca, eslovena, española, estoniana, finesa, francesa, grega, húngara, inglesa, irlandesa, italiana, letona, lituana, maltesa, neerlandesa, polaca, portuguesa, romanesa e sueca, cuxos textos en cada unha destas linguas son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos do Goberno da República Italiana, que remitirá unha copia autenticada a cada un dos gobernos dos restantes Estados membros.

Unha vez que a República de Croacia quede vinculada polo presente protocolo en virtude do artigo 2 da acta relativa ás condicións de adhesión da República de Croacia, o texto croata do presente protocolo, que será igualmente auténtico que os textos a que se refire o parágrafo primeiro, será depositado, así mesmo, nos arquivos do Goberno da República Italiana, que remitirá unha copia autenticada a cada un dos gobernos dos restantes Estados membros.

En fe do cal, os plenipotenciarios que asinan abaixo subscriben o presente protocolo.

Feito en Bruxelas, o trece de xuño de dous mil doce.